

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

EXTRACTO da Orde do 13 de xullo 2021 de incremento do crédito previsto na Orde do 5 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209B).

BDNS (Identif.): 547184.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Obxecto*

Consonte o artigo 30.2.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acórdase ampliar o crédito destinado ao financiamento das axudas previstas na Orde do 5 de xaneiro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.

O importe total do citado incremento é de trescentos doce mil euros (312.000,00 €), consignado na aplicación orzamentaria 15.03.723A770.1, código de proxecto 201600293. O crédito destinado a estas axudas queda por un importe máximo total dun millón trescentos doce mil euros (1.312.000,00 €), coa seguinte distribución:

– Anualidade 2021: 812.000,00 €.

– Anualidade 2022: 500.000,00 €.



As porcentaxes de cofinanciamento das axudas son do 75 % con fondos FEMP e o 25 % pola Comunidade Autónoma.

En todo caso, a concesión das axudas estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

A publicación desta orde non supón apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Segundo. *Bases reguladoras*

Orde do 5 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209B).

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2021

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: prefix5-q1q0-iaq3-2dw4-uslrgw1exvv3

